

PROPOSTA DE ACTIVIDADE SIMBÓLICA DA CAMPAÑA “LIBERDADE DE SER E SENTIR” 2026

CARTAS PARA O FUTURO:

Un diálogo entre
xeracións pola
liberdade de
ser e sentir



A IDEA

Que lle dirían as persoas maiores ás xeracións que están medrando hoxe? E que mensaxe deixarían as nenas e os nenos de hoxe para construír a sociedade do mañá?

“Cartas para o Futuro” é unha actividade participativa que conecta dúas xeracións arredor dun mesmo propósito: reflexionar sobre a liberdade, o respecto e a diversidade.

Este verán, as persoas usuarias dos centros de día e as nenas e nenos dos campamentos municipais de conciliación converteranse en embaixadoras e embaixadores da campaña “Liberdade de Ser e Sentir”, compartindo pensamentos, desexos e compromisos para unha sociedade onde todas as persoas poidan vivir con dignidade, seguridade e liberdade.

A actividade transforma unha reflexión individual nunha gran conversa colectiva que percorrerá toda a provincia.

COMO FUNCIONA?

Primeira parada: Conversamos

Cada grupo participa nunha pequena dinámica guiada por monitorado do centro para reflexionar sobre cuestións relacionadas coa liberdade, a convivencia e o respecto ás diferenzas.

Coas persoas maiores

- Que significa para ti vivir en liberdade?
- Que cambios positivos observaches ao longo da túa vida?
- Que consello lle darías ás novas xeracións para construír unha sociedade máis respectuosa?

Coa infancia

- Como che gusta que te traten as demais persoas?
- Que significa respectar as diferenzas?
- Como imaxinas unha sociedade onde todas as persoas poidan ser quen son?

Segunda parada: Escribimos unha mensaxe

Cada participante completa unha pequena tarxeta coa súa mensaxe para outra xeración.

As persoas maiores escriben unha mensaxe para o futuro.

A infancia escribe unha mensaxe para a sociedade que lle gustaría construír.

Non hai respostas correctas nin incorrectas.
Pode ser unha palabra, unha frase,
un desexo ou un compromiso.

Por exemplo:

- Que ninguén teña que esconder quen é.
- Todas as persoas merecen sentirse seguras.
- A diversidade fai a vida máis bonita.
- Que cada persoa poida amar en liberdade.

Terceira parada: Construimos unha mensaxe común

Todas as achegas colócanse nun mural colectivo.

O mural pode instalarse nun centro social,
biblioteca, casa da cultura ou espazo
municipal visible para a veciñanza.

Cada mensaxe individual convértese así nunha peza
dun relato colectivo sobre a liberdade e o respecto.

UN SÍMBOLO COMPARTIDO EN TODA A PROVINCIA

Para reforzar a identidade e a visibilidade da campaña, todas as mensaxes realizaranse sobre unha tarxeta común que incorporará a imaxe gráfica de “Ser e Sentir” maquetada polo equipo de coordinación do programa e posta a disposición das entidades interesadas en desenvolver a actividade. Este elemento converterase no símbolo compartido da actividade en todos os concellos participantes, permitindo identificar facilmente as accións desenvolvidas no marco da campaña.

Deste xeito, todas as achegas poderán reunirse posteriormente nun gran mosaico provincial, físico ou dixital, construído a partir dunha imaxe común e das mensaxes elaboradas por persoas de diferentes xeracións e procedencias, simbolizando unha provincia comprometida coa liberdade de ser e sentir.



OBXECTIVOS

- Promover a reflexión sobre a liberdade de ser e sentir.
- Favorecer o encontro simbólico entre xeracións.
- Implicar a infancia e as persoas maiores na campaña provincial.
- Visibilizar os valores do respecto, a diversidade e a igualdade.
- Crear unha actividade sinxela, participativa e facilmente replicable en todos os concellos adheridos.
- Xerar contidos visuais e testemuñais para a difusión da campaña.

RECURSOS NECESARIOS

- Tarxetas ou cartolinas.
- Bolígrafos e rotuladores.
- Un panel, mural ou espazo expositivo.

A actividade non require investimento específico nin contratación de servizos externos, podendo desenvolverse cos recursos habituais dos centros participantes.

RESULTADO FINAL

As mensaxes recompiladas nos diferentes concellos conformarán unha gran “Carta para o Futuro” da provincia: unha declaración colectiva elaborada por centos de persoas de distintas idades que comparten unha mesma convicción: Que todas as persoas teñen dereito a ser, sentir e vivir en liberdade.

A imaxe gráfica de SER E SENTIR debe ser un elemento estratéxico da actividade que garanta a súa identificación e cohesión visual en todo o territorio.

IDENTIDADE VISUAL DA CAMPAÑA

Co obxectivo de reforzar a visibilidade, recoñecemento e unidade da campaña “Liberdade de Ser e Sentir” en todo o territorio provincial, todos os materiais empregados no desenvolvemento da actividade deberán incorporar a identidade gráfica corporativa da campaña.

As tarxetas utilizadas para recoller as mensaxes, os murais expositivos, os paneis informativos, os soportes de difusión e calquera outro elemento

relacionado coa actividade incluírán a imaxe gráfica de “Ser e Sentir”, seguindo os criterios de aplicación establecidos pola organización da campaña.

A utilización dunha mesma identidade visual permitirá:

- Reforzar o sentimento de participación nun proxecto común compartido por todos os concellos e entidades adheridas.
- Facilitar a identificación pública da actividade como parte da campaña provincial “Liberdade de Ser e Sentir”.
- Dotar de coherencia visual ao conxunto das accións desenvolvidas durante o verán.
- Favorecer a posterior integración das achegas locais nun produto final colectivo de ámbito provincial.

Aínda que non é de obrigado cumprimento, recoméndase que as mensaxes se elaboren sobre un modelo único de tarxeta deseñado especificamente para a campaña, incorporando a imaxe de “Ser e Sentir”. O modelo será posto a disposición dos centos para que impriman as tarxetas coas que logo se traballará. Este formato común permitirá recompilar posteriormente todas as achegas nun gran mosaico provincial, físico ou dixital, que represente a diversidade de voces participantes e o compromiso compartido coa liberdade, o respecto e a igualdade.



liberdade de ser e sentir!

www.seresentir.gal

#seresentir

#DeputacióndaCoruña



**Deputación
DA CORUÑA**



**IGUALDADE
DE XÉNERO**
DEPUTACIÓN DA CORUÑA